

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I1FK		18-08-16 09:02

Número 48.- Reinicio do procedemento de contratación na fase de valoración da xestión do servizo das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 12 de agosto de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

48 .- REINICIO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN NA FASE DE VALORACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO E FONTIÑAS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, de data 8 de agosto de 2016, así como do informe do xefe de sección de Contratación, da mesma data.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Manuel Dios Diz**, concelleiro delegado de educación e cidadanía, e presidente da mesa de contratación da licitación "Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 11 de febreiro de 2016, reúnese a mesa de contratación en execución do Acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de data 29 de xaneiro de 2016, no que se da

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1FK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 18-08-16 09:02

conta da sentenza do TSXG de data 23/10/2015 que anula o acordo da propia Xunta de data 5/09/2013 polo que se adxudicaba á empresa CLECE SA o contrato de referencia e obriga ao Concello a retrotraer o expediente de contratación e á admisión e valoración da proposición presentada a esa licitación pola empresa Servicios y Materiales SA.

Segundo: Con data 14 de xullo, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVICIOS Y MATERIALES SA, polo que se solicita informe de asesoría xurídica sobre o xeito de proceder para dar correcto cumprimento a referida sentenza.

Terceiro: Con data 28 de xullo, o director da asesoría xurídica municipal emite informe no que conclúe que procede que a Xunta de Goberno Local acorde a nova adxudicación do contrato con suxección ós pregos de condicións e a proposta elexida.

Cuarto: Con data 2 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos de solvencia técnica e económica e de capacidade de obrar.

Quinto: Con data 8 de agosto, o xefe de sección de contratación emite informe no que sinala que consta acreditado o depósito das cantidades esixidas en concepto de garantía definitiva, taxas de formalización do contrato e timbres municipais.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **SERVICIOS Y MATERIALES SA**, que oferta levar a cabo a xestión do servizo por un importe de **388.779,21 euros** (exento de IVE), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete persoal e material adicional ó mínimo esixido no prego técnico de aplicación, un plan de atención á diversidade, un programa de comedor e nutrición, sete obradoiros de segundo ciclo e seis actividades os sábados.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1FK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 18-08-16 09:02

Designase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación.

O inicio do servizo terá lugar con data efectiva 1 de setembro de 2016, debendo notificarse esta circunstancia á maior brevidade á empresa CLECE SA co obxecto de que inicie os trámites precisos para unha transición ordeada da xestión.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 32301 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 129.593'07 euros.

Anualidade 2017: 388.779,21 euros.

Anualidade 2018: 259.186'14 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **SERVICIOS Y MATERIALES SA**, que oferta levar a cabo a xestión do servizo por un importe de **388.779,21 euros** (exento de IVE), ao ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete persoal e material adicional ao mínimo esixido no prego técnico de aplicación, un plan de atención á diversidade, un programa de comedor e nutrición, sete obradoiros de segundo ciclo e seis actividades os sábados.

Designase como responsable do contrato a D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación.

O inicio do servizo terá lugar con data efectiva 1 de setembro de 2016, debendo notificarse esta circunstancia á maior brevidade á empresa CLECE SA co obxecto de que inicie os trámites precisos para unha transición ordeada da xestión.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1FK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 18-08-16 09:02

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 32301 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 129.593'07 euros.

Anualidade 2017: 388.779,21 euros.

Anualidade 2018: 259.186'14 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Jorge Duarte Vázquez

